Falemos

Aprende a comunicarte con persoas con discapacidade

info@asociacionachega.es

www.asociacionachega.es

+34 690 12 22 31

En moitas ocasións, **a comunicación coas persoas con dependencia non resulta doada** debido ás características propias de cada persoa e de cada trastorno ou enfermidade.

Na maioría das ocasións, os cursos para profesionais e familiares de persoas dependentes esquécense da parte psicolóxica, de trato e comunicación e non teñen en conta que a comunicación **é a base para as relacións sociais**. Con ela podemos **axudar a evitar o illamento** das persoas con dependencia, así como **evitar conflitos e comprender mellor a situación na que se atopan, fortalecendo de este modo as relacións.**

Así mesmo, cando escoitamos a palabra dependencia acostumamos a pensar en anciáns, pero debemos ter en conta que **existen persoas con discapacidade de todas as idades**.

Participantes

Profesionais

- Profesionais de axuda a domicilio
- Profesionais do ámbito sanitario: psicólogos/as, médicos/as, enfermeiros/as, traballadores/as sociais, etc.
- Técnicos/as e profesionais das residencias e centros de día

Estudiantes

Familiares

Voluntarios/as

Falemos…

Tes un familiar con discapacidade?

Resúltache **complicado evitar conflictos coa persoa con** dependencia?

Gustaríache aprender ferramentas para **mellorar** o teu **desempeño profesional**?

Queres vivir a experiencia de **poñerte na pel de persoas con discapacidade** e sentir a súa maneira de ver o mundo?



A comunicación é a mellor forma de crear relacións fortes

A verdadeira comunicación non comeza falando, senon escoitando. A principal condición do bo comunicador é saber escoitar

Obxectivos

Obxectivo Xeral

Ao longo da nosa vida podemos convivir con distintas persoas, todas elas con características diferentes.

Este curso pretende **dotar de coñecementos teóricos e prácticos** a todas aquelas persoas que queiran ou precisen **saber como previr ou resolver conflitos coas persoas con diversidade funcional, empregando a comunicación como ferramenta.**

Obxectivos específicos

Para os familiares:

- Aprender a afrontar conflitos ou previlos a través da comunicación.
- Proporcionar ferramentas para favorecer a comunicación coas persoas dependentes
- Comprender mellor a situación de dependencia do seu familiar, poñéndose no seu lugar.
- Dotar de ferramentas e habilidades para ser capaz de afrontar situacións estresantes no ámbito familiar.

Para profesionais e interesados no ámbito da discapacidade:

- Coñecer os tipos de discapacidade e as dificultades comunicativas de cada unha de elas
- Proporcionar ferramentas para favorecer a comunicación
- Actualizar as competencias profesionais dos/as traballadores/as

Metodoloxía



A metodoloxía empregada será **teórico- práctica.**

As accións formativas consistirán nun **curso presencial** que seguirá unha **metodoloxía activa e dinámica**, favorecendo a **participación** e adaptando o curso tanto ao grupo como ás características individuais de cada persoa.

A dinámica do desenrolo das xornadas será maioritariamente **práctica**, empregando role-playing, estudios de casos, experiencias no eido da diversidade funcional, etc.

Os participantes recibirán material de apoio.

As xornadas serán **impartidas por profesionais expertos en comunicación e diversidade funcional**

Duración

A duración do curso será de **16 horas**.

Levarase a cabo ao longo de **sete días** cunha duración de **dúas horas cada día, e catro horas o último día.**

Lugar e data

As xornadas levaranse a cabo no **Concello de Cambados** (Expo Salnés) con datas: mércores 29, xoves 30, venres 31 de marzo e luns 3, martes 4, mércores 5 e xoves 6 de abril.

Inscrición

A través do correo electrónico: info@asociacionachega.es ou no teléfono: 690. 122. 231 (Lorena)

Docentes

Hugo Fernández Fernández

Consultor, coach e formador experto no ámbito social, educativo, executivo-RRHH e deporte. Con formación en Coaching e Licenciatura en Pedagoxía Social e Laboral, desenvolve a súa actividades profesional na mellora do rendemento de persoas, equipos e organizacións.

Lorena Francisco Lens

Psicóloga sanitaria e da educación, Coach e Terapeuta Familiar.
Con ampla experiencia na atención a persoas con diversidade funcional e ás súas familias, desenvolve a súa actividade en diversas asociacións e concellos. Formadora experta no ámbito da diversidade funcional e prevención de enfermidades mentais.

Sonia Rivas Barreiro

Pedagoga especialista en Dirección de Centros Educativos e Monitora de Tempo Libre. Experta en elearning e elaboración de Recursos Didácticos.
Con amplia experiencia en lecer con nenos/as en ludotecas e actividades extraescolares.
Experta en educación especial e colaboradora en diversas asociacións.

Contidos

Módulo 1 – Definición, conceptos clave, tipos de discapacidade e "ponte no meu lugar"

Días: 29 e 30 de Marzo
Obxectivo: En moitas ocasións, a aparición dunha discapacidade ou dependencia, provoca na familia un cambio que non sabemos como afrontar e que, en algunhas ocasións, pode dar lugar a conflitos para os cales non estamos preparados e/ou non sabemos dar resposta. En este módulo, acercarémonos a cada caso particular, a través de experiencias reais, e daremos a coñecer, de maneira práctica, os tipos de discapacidade e as dificultades que podemos atoparnos e resolver gracias á comunicación.
Contidos:

1. Que pasa cando aparece unha discapacidade? Emocións e afrontamento da situación
2. Análise de casos do grupo
3. Tipos de discapacidade e dificultades que podemos atoparnos:
    - Discapacidade motora
    - Discapacidade sensorial
    - Discapacidade intelectual
    - Discapacidade psíquica-social

Módulo 2 - Barreiras da comunicación

Día: 3 de Abril
Obxectivo: Ampliando o módulo 1 e 2, imos coñecer as posibles barreiras de comunicación que podemos atoparnos cando convivimos/traballamos con persoas con diversidade funcional.
Contidos:

1. Barreiras tipo físico
2. Barreiras tipo fisiolóxico.
3. Barreiras tipo psicolóxico

Módulo 3 - O proceso de comunicación

Día: 31 de Marzo
Obxectivo: Á hora de comunicarnos con unha persoa, independentemente da súa condición física, psíquica ou social, temos que ter en conta tanto o que dicimos, o modo en que o facemos, así como os nosos xestos e expresión corporal. No módulo 2 imos a coñecer, os tipos de comunicación que podemos atoparnos e que debemos manexar.
Contidos:

1. O proceso de comunicación
2. A importancia da comunicación
3. Tipos de comunicación

Módulo 4- Técnicas de comunicación eficaz

Día: 4 de Abril
Obxectivo: Este módulo permitiranos empregar unha comunicación máis efectiva a través de técnicas que permiten que a nosa comunicación coa persoa con diversidade funcional sexa un éxito e cumpra o seu obxectivo.

Contidos:

1. A escoita activa
2. A empatía
3. A asertividade

Módulo 5 - Pautas para mellorar a comunicación: normas básicas, casos e peche do curso

Día: 4 e 5 de Abril
Obxectivo: No último módulo do curso facilitaranse estratexias para comunicarnos en cada caso particular da maneira máis eficaz posible, conseguindo evitar conflitos e mellorando, de este modo, o benestar da persoa con diversidade funcional, así como o noso propio benestar.
Contidos:

1. Comunicación con persoas con déficit visual
2. Comunicación con persoas con déficit auditivo
3. Comunicación con persoas con déficit motor
4. Comunicación con persoas con déficit intelectual